



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 18 de decembro de 2014

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 18/12/2014.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 18/12/2014.
- III. Premio Comunicación Cámara Oficial Mineira de Galicia 2014.
- IV. Solicitudes de informe de avaliación docente presentadas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 27 de outubro de 2014.

Envíase por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola e na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 27 de outubro de 2014.

Unha vez aprobada será posta definitivamente nas seccións de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo, na sección en galego:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

2. Informe do Director.

O Director informa:

- Traducíronse ao inglés os apartados pendentes da información dos títulos do centro (graos e mestrado universitario):

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=370,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=371,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=381,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=382,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=524,0,0,1,0,0>



<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=546,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=547,0,0,1,0,0>

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=607,0,0,1,0,0>

O importe da súa tradución profesional foi de 1.936,00€ De este xeito o 100% dos hipertextos da web do centro están no seu idioma correspondente: galego, castelán e inglés.

- A ETSEM participa na campaña de recollida de xoguetes e alimentos que se está a desenvolver cara este Nadal, aínda poden depositarse doazóns nos contenedores ao carón da conserxería.
- M^a Ángeles Manzanares, Técnica da Fundación Universidade de Vigo, impartiu un obradoiro de balde de procura activa de emprego para o alumnado dos últimos cursos dos nosos títulos. As enquisas recibidas amosan un alto grao de satisfacción por parte dos participantes.
- Para facilitar a sinatura dixital das actas de cualificación do alumnado da ETSE de Minas, lémbrese que poden tramitar de forma moi sinxela o correspondente certificado dixital necesario no Negociado de Asuntos Xerais. A Dirección prega ao profesorado sen certificado dixital realicen esa tarefa.
- O coordinador de Prácticas en Empresas, o profesor Javier Taboada Castro, foi encargado de facer chegar as nosas empresas e asociación colaboradoras a información da 4^a CONVOCATORIA do Programa "Becas SANTANDER CRUE CEPYME Prácticas en Empresa" (<http://www.becas-santander.com/>). O programa está dirixido a estudantes de grao e de mestrado das universidades españolas para que realicen prácticas formativas nunha PEME/microempresa durante tres meses. O prazo de inscrición para alumnado e empresas remata o 31 de xaneiro de 2015.
- Recibiuse o 24 de Novembro a notificación do Ministerio referente a verificación do Máster en Xeoinformática pola Universidade de Vigo e a Universidade de A Coruña onde se informa da recepción da solicitude e o inicio dos seis meses de prazo previsto no artigo 25.7 do Real Decreto 1393/2007.
- Do 17 ao 21 de Novembro celebrouse a Semana da Ciencia 2014 no centro. A información xerada durante a duración da actividade: dípticos, carteis, itinerancia, exemplos de informes termográficos, enlaces, notas de prensa, ... pode atoparse nas seccións Semana da Ciencia/Semana de la Ciencia/Science Week da nosa web:

EN GALEGO:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?ide=81,0,0,1,0,0>



EN CASTELÁN:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?ide=114,0,0,1,0,0>

EN INGLÉS:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?ide=208,0,0,1,0,0>

Unha actividade de difusión da oferta formativa, investigadora e de transferencia do centro cun número oficial de inscritos no 2014 de 1214 persoas de 35 centros, incluída a visita do Centro Alborada e o Programa de Maiores da UVigo, abrindo así a actividade a colectivos que non participan habitualmente en estas actividades de divulgación científica e tecnolóxica. 27 centros de ensino preuniversitario de Galicia non tiveron a oportunidade de asistir ao non acadar unha quenda axustada as súas necesidades. A actividade contou coa presenza do Reitor na súa inauguración e ademais co apoio, o cal agradecemos, do DUVI, do Consello Social da UVigo, da Cámara Oficial Mineira de Galicia, do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Minas de Galicia, do Instituto Xeolóxico Mineiro, da Asociación Clúster da Xeotermia de Galicia e da Asociación de Áridos de Galicia. A solicitude de axuda realizada á Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) na convocatoria 2014 acadou unha puntuación de 78 puntos sobre 100, que non foi suficiente este ano para recibir dotación económica. Para proxectar máis aló a actividade da Semana da Ciencia actualizouse este ano unha aplicación gratuíta para dispositivos móbiles e tablets na que a través do xogoponse de manifesto a importancia dos recursos naturais. A aplicación nun formato divulgativo, contemporáneo e próximo cumpría así un dos obxectivos estratéxicos da convocatoria da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT) do Ministerio de Economía e Competitividade que co-financiou a súa realización na convocatoria do ano 2013:

<https://play.google.com/store/apps/details?id=com.siex.minas2>

A actividade tivo unha salientable repercusión nos medios de comunicación cunha trintena de Notas de Prensa, incluídas dúas gravacións audiovisuais (TVG, FARO). As enquisas recibidas amosan un alto grao de satisfacción por parte dos participantes (alumnado e profesorado que os acompaña). Así mesmo o labor divulgativo desenvolvido durante anos con motivo da Semana da Ciencia valeulle á Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas o Premio Comunicación Santa Bárbara 2014, un galardón outorgado pola Cámara Oficial Mineira de Galicia no decurso da celebración por parte do sector mineiro galego da súa patroa (Anexo III). A Dirección foi a encargada de recoller en Santiago de Compostela o galardón. Unha copia da figura de Sargadelos recibida é entregada á Delegación de Alumnos da ETSEM polo traballo de monitoraxe realizado polo alumnado durante estes anos.



A actividade contou no 2014 co traballo, o cal é agradecido, das seguintes persoas:

José Benito Vázquez Dorrío, Carmen Pérez Pérez, David Patiño Vilas, Enrique Granada Álvarez, Fernando Cerdeira Pérez, Higinio González Jorge, Javier Taboada Castro, María Araújo Fernández, Marta Cabeza Simó, Natalia Caparrini Marín, Pedro Arias Sánchez, Teresa Rivas Brea, Ángeles Saavedra González, Alejandro Otero del Río, Alexandre Casal Echevarría, Araceli Regueiro Pereira, Bárbara Sofía Crespo Sanjurjo, Carla Iglesias Comesaña, Diego Antonio Oliveira Aboy, Diego Faro Malvar, Fco. Javier Tamajón Álvarez, Ignacio Pérez Rey, Ivan Puente Luna, Jaime García Iglesias, Laura Gómez Pereira, Laura Iglesias Alonso, Lucía Díaz Vilariño, Raúl Figueroa Martínez, Rosalía Carrillo Pérez, Susana Lagüela López, Uxía Castro Filgueira, Arturo Martínez Fernández, Beatriz Mosteiro García, Jesús García Caurel, Jorge Souto Santomé, José Paz López e M^a Carmen Romo Pérez.

- O importe da axuda concedida para a Semana da Ciencia no anterior ano 2013 foi ingresado na UVigo con data de 30 de Decembro de 2013, co exercicio 2013 xa cerrado. De acordo coa Normativa os ingresos de exercicios cerrados non xeran crédito e por iso a xeración de crédito solicitada á aplicación orzamentaria da ETSEM non foi realizada. En calquera caso, a Dirección solicitou ao Xerente que se proceda a realizar das accións necesarias para que o importe xustificado da axuda chegue á ETSE de Minas, que é o centro que asumiu os gastos para os cales ese diñeiro foi destinado.
- A Dirección e a Coordinadora de Calidade, Natalia Caparrini Marín, recibiron de mans do Reitor o certificado FIDES-AUDIT da ACSUG da implantación do noso SGIC. A certificación supón, ademais dunha aposta pola Calidade da ETSEM, un importante avance na futura acreditación dos títulos do centro.
- A Dirección, a Secretaría Natalia Caparrini Marín e a Subdirectora María Araújo Fernández asistiron na sede da ACSUG a presentación do programa Acredita Plus, un programa de acreditación de títulos de graos e mestrados que adicionalmente ten asociado un selo de calidade europeo no ámbito das enxeñarías (EUR-ACE®), que xestiona en España a ANECA e o *Instituto de la Ingeniería de España* (IIE), entidade que organiza, entre outras, a Feira Virtual de Enxeñeiros na que participamos desde fai anos:

<http://eurace.iie.aneca.es/eurace.html>

A presentación na ACSUG de este selo, que dará visibilidade e recoñecemento internacional ao alumnado dos centros que o teñan, foi realizada por o Director Xeral da ANECA, Don Rafael van Grieken. O mesmo tamén comentou que están a preparar unha proposta de certificación institucional para aqueles centros que teñan o certificado FIDES-AUDIT da implantación do SGIC e un 50% de títulos con acreditación renovada. Os coordinadores dos graos (Carmen Pérez Pérez e David



Patiño Vilas) serán os encargados de analizar as correspondencias entre competencias/materias das nosas memorias e competencias requiridas polo programa EUR-ACE®, co obxectivo de solicitar o selo, si é posible, no proceso de renovación da acreditación dos títulos no curso 2015-2016.

- A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado e a vicerreitora de Estudantes convocaron ás Direccións dos centros a unha reunión sobre a previsible Modificación da Normativa sobre o TFG da UVigo. Entre outras cuestións abordouse a preferencia de defender o TFG posteriormente a ter tódolos créditos do título superados, a posibilidade de adiamento de actas de Xullo para dar máis tempo a que as presentacións de TFG se fagan coas actas das materias xa entregadas, as posibles axudas en forma de desgravación para as persoas que participen nos tribunais de TFG, o novo programa de xestión de actas individuais (no que o propio alumno a través da súa secretaría virtual poderá cubrir os datos e subir a documentación necesaria para solicitar a presentación do TFG nas convocatorias elixidas) ou a creación dunha Comisión de TFG para tratar estes temas. En representación da ETSEM asistiu o Subdirector David Patiño Vilas e a Dirección agradece o traballo realizado.
- Natalia Cid Rodríguez e Marcos González Bello, bolseiros de calidade da ETSEM, completaron a base de datos de egresados/as do centro empregando a información do Anuario do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Leváronse a cabo varias actuacións informáticas do centro. Brevemente os temas nos que se produciron progresos dende a última Xunta de Escola son:
 - a) A petición ós servizos informáticos de novos conmutadores de rede de máis capacidade foi feita, pero en este momento estamos pendentes de que se resolva o concurso da Wifi e de mantemento da rede de datos.
 - b) Fixéronse cambios e avances no sistema de control de docencia, prototipouse unha aplicación en PHP e MySQL. Vaise poñer en contraste con outra aplicación de control docente que tamén se está a testear na Escola de Telecomunicacións feita en Python. A experiencia obtida en ambos casos preténdese que de lugar a unha única aplicación de uso para calquera das escolas do ámbito.
 - c) Avaliáronse varios sistemas de apertura de portas en laboratorios informáticos por pegada dactilar, e o software asociado. Tras avalialos, a escola optou pola mesma solución software e hardware da que dispón a EET. Iniciouse un proceso de documentación dos procedementos existentes na EET, así como as modificacións necesarias para unificar a xestión de firmas de ambas escolas.



- d) Recepción dos novos bolseiros. Adestramento nas ferramentas informáticas que deben empregar no fluxo de traballo. Adecuación das horarios para poder manter como aula de libre acceso a Aula 0 de luns a venres segundo este horario:

HORARIO DE APERTURA AULA 0 E PERSOA ENCARGADA

	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
9:00	Jose Angel				
10:00	Jose Angel	Cartel	Cartel	Cartel	Cesar
11:00	Jose Angel	Cartel	Cartel		Cesar
12:00	Jose Angel	Cartel	Cartel	Cartel	Cesar
13:00	Jose Angel		Cartel	Cartel	Cesar
14:00	Enrique		Enrique	Jose Angel	
15:00	Enrique		Enrique	Jose Angel	Cesar
16:00	Enrique	Cartel	Enrique	Jose Angel	Cesar
17:00	Enrique	Cartel	Enrique	Jose Angel	Cesar
18:00	Enrique	Cartel	Cartel	Jose Angel	Cesar
19:00	Enrique	Cartel	Cartel	Jose Angel	
20:00	Enrique			Jose Angel	

- e) Dende o día 1 de decembro estase a rexistrar o nº de usuarios da aula 0, para coñecer mellor o uso que se fai dela. Actualmente de media é utilizada por sete persoas ó día.
- f) Os tablet-PC das aulas de teoría e de grao están xa migrados a Windows 7, coas aplicacións necesarias habituais e cos formularios de notificación de incidencias.
- g) Posta en marcha dunha nube privada para a Escola de Minas sobre o servidor da escola <https://nimbus.uvigo.es>, para dar un servizo alternativo a servizos comerciais externos como Dropbox, Onedrive, Google Drive, etc. O sistema está en fase de avaliación. O sistema que o soporta é Linux con ownCloud 7.0.4 (stable). Actualmente conta con 24 usuarios, dos que un 50% que colaboran utilizando o sistema activamente para poder avaliar o funcionamento depurar erros e engadir funcionalidades. A finais de xaneiro pasará ó seu aloxamento definitivo no CPD, probablemente virtualizado en algún dos servidores existentes. O sistema é interoperable con fontes de datos externas tanto da Universidade como de provedores externos públicos ou privados.
- h) Tomouse contacto co CESGA e fixéronse probas cos servizos de virtualización que actualmente ofrece o CESGA coa intención de facer unha guía de acceso os mesmos que facilite o PDI da escola o seu coñecemento e primeiro acceso.



- i) En todo este tempo é dende que se fixo a instalación da nova versión de VMWare no servidor non se tivo producido ningún paro do sistema o que parece confirmar que os fallos anteriores se deberon a algún fallo na instalación anterior ou de erros de software da versión previamente instalada. Seguen facéndose probas de funcionamento e escribindo a documentación de operativa.
- j) Fixéronse probas de seguridade da rede de datos da escola que revelan en xeral un bo uso da mesma, aínda que algúns equipos non están seguros contra ataques como deberan. Repetiranse as probas no mes de xaneiro e se comunicará aos administradores/usuarios deses equipos para darlles indicacións para mellorar a seguridade dos seus sistemas.

Estas tarefas foron coordinadas polo Subdirector David Patiño Vilas co apoio do Técnico Informático do ámbito tecnolóxico José Luis Ríos Beis e os bolseiros de informática no centro, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.

- O recente ingreso do VAD e importante aforro no 2014 en partidas como, entre outras, consumo eléctrico e gasóleo, comunicacións telefónicas, dietas, material de oficina, atencións protocolarias, ... permitiron a fin de ano levar a cabo, entre outros, os seguintes gastos: pagos da Semana da Ciencia, gastos de transporte necesarios en todas as saídas de campo do primeiro cuadrimestre, edición e impresión Libros PFC/PE da titulación de Enxeñaría de Minas dos tres cursos anteriores, reimpresión trípticos da ETSEM e de 50 exemplares dos tres Certames Mundo Mineiro (2008-2009-2010), instalacións de lectores biométricos nas aulas de informática (Lab 12 e 13) e aula con equipo de gravación (M106); instalación de 3 mesas coas súas cadeiras na entrada da pasarela coa EEI (antiga zona de taquillas); renovación de 3 pantallas de proxección en aulas; acolchado das bancadas da aula M212; adquisición doutros bens funxibles menores como merchandising para a escola (bolsas, cuncas), así como outro material electrónico de reposición (proectores, ...). Estas tarefas foron coordinadas polo subdirector David Patiño Vilas e a Xefa do Negociado M^a Carmen Romo Pérez, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.
- A Dirección recibiu a información do Contrato Programa do centro directamente relacionado co seu presuposto. No noso caso os resultados obtidos, melloran o financiamento verbo do modelo de 2012 de acordo coa seguinte táboa:

2015

TOTAL INGRESADO	57.157,42 €
EQUIVALENCIA 2012	53.774,00 €
AUMENTO 2013	6,29%



- A Dirección recibiu a información das instrucións da Vicerreitoría de Economía e Planificación da Xerencia para a confeccións das propostas de Orzamento do 2015, onde como novidade, neste exercicio e aos efectos de reduci-lo impacto negativo no orzamento dos Centros da suba continuada dos subministros, centralizase este gasto nos servizos xerais de cada campus. Esta medida leva implícitas dúas consecuencias: a) minórase no orzamento dos Centros o gasto real soportado por estes no exercicio 2013; b) mantense nos Centros a responsabilidade da xestión enerxética, de xeito que todo incremento nos consumos enerxéticos repercutirase nos mesmos. No noso caso iso supón unha diminución de 163.149€ na partida correspondente (221.01) manténdose as cantidades do gasto corrente respecto ao ano 2014. As Direccións do Ámbito Tecnolóxico reuníronse con posterioridade co Vicerreitor de Economía e Planificación e o Vicexerente de Xestión económica e AAXX para facerlles ver que debería repercutir nos Centros, como ocorría ata o de agora, tamén o posible aforro enerxético.
- A Delegación de Alumnos da E.T.S.E. de Minas clausurou o 28 de novembro o “Mes cultural Santa Bárbara 2014”, durante o que se desenvolveron, entre outras, as seguintes actividades: V Carreira popular Santa Bárbara; Encontros deportivos entre membros da comunidade do centro, etc... A Dirección agradece as tarefas realizadas.
- O 4 de Decembro a Escola participou nos actos conmemorativos de Santa Bárbara en Santiago de Compostela sendo representada por o profesor Javier Taboada Castro. A Dirección agradece a participación.
- Celebrouse no vestíbulo da ETSEM unha actuación musical de dous dos artistas de Vertixe Sonora Ensemble dentro do Vertixe Vigo 2014, o Festival internacional de creación musical contemporáneo. Unha forma de achegar ás facultades e escolas as actividades culturais transversais que se organizan na Universidade nun espazo privilexiado que é o nodo que conecta todo o ámbito tecnolóxico do Campus de Vigo.
- O Tribunal do Premio Extraordinario Fin de Carreira nas Titulacións do centro correspondente ao curso académico 2013-2014, propuxo (de acordo coa información aportada pola Área Académica referida aos expedientes do alumnado que finalizou os estudos nese curso) ás seguintes persoas:
 - Don Alejandro López Pereira (Enxeñaría de Minas)
 - Don Saki Gerassis Davite (Grao de Enx. dos Recursos Mineiros e Enerxéticos)
 - Dona Raquel Pérez Orozco (Grao de Enxeñaría da Enerxía)



- Da Área de Apoio á Docencia e Calidade enviaron as novas versións do Manual de Calidade e de todos os procedementos ligados aos procesos estratéxicos dos centros. Son procedementos integrados co ámbito de xestión, de xeito que anulan e substitúen a os procedementos estratéxicos correspondentes existentes. Terán que ser validados na Comisión de Calidade e aprobados na Xunta de Escola, se procede, para a súa aplicación.

No Manual de Calidade os cambios máis importantes son: incorporación do histórico de feitos relevantes en materia de calidade, incorporación dos elementos estratéxicos institucionais (misión, visión), e particularmente a posta ao día da política e obxectivos de calidade, incorporación da estrutura organizativa institucional en materia de calidade, posta ao día das funcións dos órganos de xestión da calidade nos centros, en liña cos resultados dos informes de auditoría de certificación dos SGIC realizados pola ACSUG e creación de novos anexos. Este Manual deberá completarse coa información específica da ETSEM.

Ademais os procedementos afectados son Dirección Estratéxica (DE-01 P1 Planificación e desenvolvemento estratéxico; DE-02 P1 Seguimento e medición; DE-03 P1 Revisión do sistema pola dirección) e Xestión da Calidade e Mellora Continua (MC-02 P1 Xestión das queixas, suxestións e parabéns; MC-05 P1 Satisfacción das usuarias e usuarios). A Coordinadora de Calidade, Natalia Caparrini Marín, será a encargada de coordinar os traballos necesarios o cal é agradecido pola Dirección.

- Pégase ao profesorado interesado que envíe a oferta de TFG para a nosa Escola ao Subdirector David Patiño Vilas para que poida ser difundida na web do centro. A día de hoxe fixéronse xa dúas actualizacións para o curso 2014-2015 na sección correspondente da páxina web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=420,0,0,1,0,0>

- Púxose á disposición da comunidade do centro o calendario da E.T.S.E. de Minas para o ano 2015. Pódese aínda recoller no Negociado de Asuntos Xerais do centro. É un calendario con “faldilla” similar ao que se fixo para o 2014, pero cunha nova imaxe semellante a empregada na Semana da Ciencia 2014.
- A piques de rematar o 2014 o número de Notas de Prensa xeradas pola comunidade do centro é actualmente de 153, número destacado fronte aos de anos pasados –por exemplo: 2013 (97); 2012 (97); 2011 (97); 2010 (79); 2009 (98); 2008 (63) e 2007 (41)-. Poden verse as mesmas na sección Prensa da web do centro:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=13,0,0,1,0,0>



Sendo a presenza positiva nos medios da ETSEM boa para o centro, para o antigo alumnado e para a profesión a Dirección agradece a implicación da comunidade do centro nesta rendición de contas á Sociedade.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, é enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola.

3. Aprobación, se procede, de informes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia.

Na Comisión Permanente do pasado 5 de Decembro aprobouse informar favorablemente sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios de docencia dos profesores que se relacionan a continuación no período solicitado:

NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Don Lino José Álvarez Vázquez	MATEMÁTICA APLICADA	MATEMÁTICA APLICADA II	02-10-2009 ao 01-10-2014
Don Ignacio Bajo Palacio	MATEMÁTICA APLICADA	MATEMÁTICA APLICADA II	ano 2010 ao 2014
Dona Marta María Cabeza Simó	CIENCIA DOS MATERIAIS E ENXEÑARÍA METALÚRXICA	ENXEÑARÍA DOS MATERIAS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN	01-01-2010 ao 31-12-2014
Dona María Begoña Cid Iglesias	MATEMÁTICA APLICADA	MATEMÁTICA APLICADA II	ano 2009 ao 2014
Don Miguel Ángel Domínguez Gómez	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	TECNOLOXÍA ELECTRÓNICA	24-02-2009 ao 24-02-2014
Don José Durany Castrillo	MATEMÁTICA APLICADA	MATEMÁTICA APLICADA II	01-10-2009 ao 30-09-2011
Don José Fernández Seara	MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS	ENXEÑARÍA MECÁNICA, MÁQUINAS E MOTORES TÉRMICOS E FLUÍDOS	12-01-2009 ao 12-01-2014
Don Julio Garrido Campos	ENXEÑARÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	ENXEÑERÍA DE SISTEMAS E AUTOMÁTICA	14-01-2009 ao 14-01-2014



NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Dona Elena González Rodríguez	EXPRESIÓN GRÁFICA NA ENXEÑARÍA	DESEÑO NA ENXEÑARÍA	14-03-2009 ao 13-03-2014
Dona Aurea María Martínez Varela	MATEMÁTICA APLICADA	MATEMÁTICA APLICADA II	06-08-2009 ao 05-08-2014
Dona M ^a Ángeles Saavedra González	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA	10-11-2009 ao 10-11-2014

Con posterioridade a celebración da mencionada Comisión Permanente recibíronse as seguintes solicitudes:

NOMBRE	ÁREA	DEPARTAMENTO	PERÍODO
Don Ángel Manuel Sánchez Bermúdez	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ENXEÑARÍA QUÍMICA	ano 2009 ao 2014
Dona Carmen M ^a Abreu Fernández	CIENCIA DOS MATERIAIS E ENXEÑARÍA METALÚRXICA	ENXEÑARÍA DOS MATERIAS, MECÁNICA APLICADA E CONSTRUCCIÓN	16-04-2009 ao 25-04-2014

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, informar favorablemente sobre actividade docente de todo antedito profesorado.

4. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

Non hai documentación.

5. Rogos e preguntas.

O profesor Don Eduardo Liz manifesta que durante a realización das enquisas de avaliación docente na súa materia se produciron certas incidencias, como duplicidades na súa realización. O Director lle resposta que se enviará un correo electrónico a todos os profesores para que poñan en coñecemento da dirección calquera incidencia que se tivera producido durante a realización das enquisas para posteriormente enviar un escrito á Vicerreitoría.

O profesor Don Fernando García Bastante pon de manifesto as deficiencias detectadas na calefacción, segundo as que nos despachos dos profesores non chega o calor mentres na parte de Administración deste edificio a temperatura resulta, as veces, demasiado elevada. O



Director resposta que será o Subdirector de Infraestruturas David Patiño o encargado de facer un seguimento de ese rogo.

A profesora Dona Carmen Pérez informa de que a instalación do contedor de reciclaxe instalado no vestíbulo da Escola e temporal e parece ser que o van retirar no mes de xaneiro. O Director resposta que se enviará á comunidade do centro un correo avisando dese cambio.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezaoito de decembro de dous mil catorce.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 18/12/2014.



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 18/12/2014.



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 18/12/2014

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrío
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Araújo Fernández, María
7.	Cabeza Simó, Marta
8.	García Bastante, Fernando
9.	González Rodríguez, Elena
10.	Liz Marzán, Eduardo
11.	Mandado Vázquez, Alfonso
12.	Martín Suárez, José Enrique
13.	Patiño Vilas, David
14.	Pérez Pérez, Carmen
15.	Saavedra González, Ángeles
16.	Sánchez Bermúdez, Anxo
ALUMNOS	
1.	Carrillo Pérez, Rosalía
2.	Faro Malvar, Diego
3.	García Iglesias, Jaime
4.	Rodríguez Hermida, Carolina
5.	Rodríguez López, Álvaro
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	46
Asistentes	22

Escusa a súa asistencia:

- Don Javier Vijande López



ANEXO III

Premio Comunicación Cámara Oficial Mineira de Galicia 2014.



ANEXO IV

Solicitudes de informe de avaliación docente presentadas.